

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
García Cutrín, Francisco Javier
Garrote Velasco, Gil
Lavilla Beltrán, Isela
Montero Reguera, José Francisco
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier

PDI-A

Lorenzo Rodríguez, Edita de
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Barbeito Pérez, Sara
Carro Parafita, Pedro Manuel
Diz Folgar, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Estévez Orge, Marcos
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Collazo Fernández, Antonio
Fernández Suárez, Emilio
Ferro Soto, Antonio Carlos
Gil Hidalgo, Paula
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lantarón Caeiro, Eva María
Pazos Currás, Marta María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 27 de outubro de 2021, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 27 de outubro de 2021 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

• *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*

• *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*

• *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do venres, 1 de outubro de 2021.

O reitor informa de que non se recibiron alegacións á acta.

Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Plan de financiamento: Onte celebrouse a penúltima xuntanza. O plan vai mellorar as condicións do Sistema Universitario de Galicia. Parece que vai haber un acordo positivo para o SUG entre as tres Universidades.
- Titulacións: Chegou informe favorable de Relacións Internacionais. Estase traballando no Grao de Deseño. Sobre o Mestrado en Aeronáutica non houbo avances significativos.
- Elena Alonso, reelixida como directora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- Miguel Ángel Nombela, reelixido como decano da Facultade de Ciencias do Mar.
- Evento de celebración da diversidade.
- 80 alumnos farán mestrados co programa Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior.
- A Área de Emprego e Emprendemento impulsa un programa de innovación aberta coas empresas, que proporán retos para TFG e TFM.
- A Escola Aberta de Formación Permanente organiza cursos de distintos niveis.
- Os primeiros Borbóns. Poder e dinámica política.
- A AGPTI concede o Premio Xela Arias a Viceversa.
- I Congreso Internacional de Violencia Sexual.
- Congreso Internacional on line sobre temas clave de contratación pública.
- Ciclo de relatorios organizado pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, a Fundación Mentor e a Fundación Banco Sabadell.
- Exposición da Biblioteca Central sobre ciencia e arte.
- A colección “Esenciais” xa ten cinco volumes.
- Celebración da Pont-Up Store e do Campus Spain.
- Novas convocatorias INCUVI: Emprende, Avanza e Consolida.
- Proxecto Zosteco, preservación de praderías mariñas.
- REDE e GEOMA: Colaboración interdisciplinar para o estudo do cambio climático.
- Os investigadores de Atlanttic, involucrados en proxectos de futuro sobre 5G.
- Proxecto FACENDO 4.0: Stellantis, CTAG, Gradient, Aimen e UVigo.
- Novo convenio Uvigo – Xunta – Sergas para a consolidación do IISGS.
- Grupo de Tecnoloxías da Información de atlantTic gaña un desafío internacional sobre redes 5G.

- A Facultade de Filoloxía e Traducción acada o primeiro distintivo de igualdade.
- Os investigadores da UVigo Alberto Pedrouzo e Fernando Pérez, Juan Ramón Troncoso, Nicolás Gama e Mariya Georgieva, galardoados co Premio Ernesto Viéitez Cortizo 2021 da RAGC.
- Gonzalo Navaza, da Facultade de Filoloxía e Tradución, elixido membro da R.A.G.
- Carlos Hervés, medalla Domingo García-Sabell Rivas da Real Academia Galega de Ciencias.
- A Universidade de Vigo, Premio Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información 2021 (Premio Axians).
- Celebración da G-Night nos tres Campus da UVigo.
- Concedéronse unha serie de infraestruturas de investigación.
- Informa sobre a Resolución Reitoral sobre retorno á presencialidade do 100%, do día 25 de outubro, e que houbo unha xuntanza da comisión COVID-19 ao efecto. O prazo para retornar a esta situación será de unha semana.

3. Aprobación, se procede, das memorias para as solicitudes de verificación de títulos de grao e mestrado.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado quen indica as titulacións implicadas de Grao (Intelixencia Artificial para a Escola Superior de Enxeñaría Informática) e de Mestrado Universitario (Intelixencia Artificial, para a Escola Superior de Enxeñaría Informática, e Ensinanza de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua, para a Facultade de Filoloxía e Tradución). Todas as titulacións van a procedemento de verificación e son compartidas coa Universidade de A Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela.

José Francisco Montero Reguera indica no chat: “eu dou as grazas no nome da comisión académica do Mestrado en Español...”

Apróbanse por asentimento as memorias presentadas.

4. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2021.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado que sinala o seguinte:

Número máximo de prazas posibles: $72 * 110 \% = 79$

- 25 baixas (6 XF, 13 XV, 1 X-Lab, 2 IP, 3 Fal.)
- 24 pasos de CD a TU en 2020
- 24 pasos de TU a CU (novidade): 1 reincorporación sen reserva
- 56 prazas de profesorado titular de universidade [12 para investigadores/as (15 %)]
- 23 prazas de profesorado contratado doutor (estabilización de interinos/as)
- 32 prazas de catedrático/a de universidade (8 baleiran a bolsa e quedan 24 «de reserva»).

Expón asemade os gráficos que resultan da situación actual das prazas en comparación coas solicitadas. A oferta aprobouse por unanimidade da mesa de negociación e xa foi aceptada pola Xunta de Galicia. Remata a exposición cun cadro de resumo, destacando que a UVigo sempre ten sacado o número máximo de prazas que permite a Lei. Cre que é unha boa nova para a Universidade, dado que permite baleirar as bolsas de acreditados de funcionarios e case as de contratados doutores interinos. Con esta OPE teríamos creado un total de 223 prazas e só quedarían 11 persoas na lista de CD interinos. Hai que sumar as 26 prazas extra para investigadores e dúas por necesidades excepcionais. É o resumo do plan dos últimos tres anos.

Montserrat Cruz González pide a palabra no chat para preguntar cando se prevé que saian as prazas da OPE. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado responde que hoxe se aproba a OPE e se manda ao BOE. Agora se está a rematar a execución da OPE do ano anterior e se comezará a executar a do 2020. O mesmo se repetirá para a OPE de 2021, aínda que na mesma xa non haberá apenas cátedras, polo que será posible acelerar un pouco a tramitación, dado que o custo é menor.

O reitor lembra que para a seguinte OPE baleirarase a listaxe de Contratados/as Doutores/as interinos/as. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado anima aos Contratados Doutores a acreditarse a titulares.

Apróbase por asentimento a OPE do PDI.

5. Aprobación, se procede, dos criterios para a prelación na saída a concurso de prazas de Contratado Doutor a Tempo Completo ocupadas interinamente.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen indica que na Oferta de Emprego Público de 2021 (OEP 21) a Universidade de Vigo reservou prazas de profesorado Contratado Doutor para cubrir con carácter definitivo unha parte das prazas actualmente ocupadas de xeito interino, procedemento ao que se lle dará continuidade nas OEP dos seguintes anos. Co fin de ordenar adecuadamente este procedemento, tras a correspondente negociación e acordo coa representación dos traballadores, o Consello de Goberno na súa sesión de 27 de outubro de 2021, tomou o seguinte acordo (que foi achegado coa documentación):

1. A Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado elaborará e fará pública unha listaxe do PDI que ocupa interinamente unha praza de profesorado Contratado Doutor na Universidade de Vigo e que non estea incluído na listaxe de acreditados a profesorado Titular de Universidade en vigor. Os criterios para a ordenación desta listaxe serán os seguintes:

- Antigüidade como profesorado Contratado Doutor interino na Universidade de Vigo.
- En caso de igualdade no criterio anterior, data de obtención da acreditación como profesorado Contratado Doutor pola ANECA ou ACSUG.
- En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.
- En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.
- No caso de igualdade nos catro criterios anteriores, a corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo entre o seu profesorado permanente.

2. A Universidade de Vigo utilizará a listaxe á que fai referencia o punto anterior para determinar as prazas concretas a convocar na execución das correspondentes OEP. Así, unha vez fixado o número de prazas a convocar, utilizarase a listaxe correspondente como orde de prelación para determinar ás prazas concretas que se convocan. Cada unha destas prazas convocarase na mesma Área de Coñecemento, Centro e Campus aos que estea adscrita nese momento.

3. A listaxe de acreditados actualizarase por parte da Vicerreitoría con competencias en materia de profesorado cando se produza algunha das seguintes situacións:

- Unha persoa pase a ocupar interinamente unha praza de profesorado Contratado Doutor.
- Unha persoa que ocupe unha praza de profesorado Contratado Doutor de xeito interino e se atope na listaxe de profesorado acreditado a Titular de Universidade solicite ser eliminado de dita listaxe antes da convocatoria da praza correspondente.

Francisco Javier García Cutrín pregunta por que só se permitirá por unha vez pasar ao final da listaxe a quen o solicite, como se fará este ano. O reitor e o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado explican que se trata dunha opción excepcional.

Apróbanse por asentimento os criterios expostos.

6. Ratificación e aprobación respectivamente, se procede, do acordo de funcionarización do persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade de Vigo e da relación de postos de traballo (RPT) derivada do mesmo.

O reitor cede a palabra á xerenta, quen, tras sinalar a súa satisfacción sobre o acordo acadado, indica o seguinte en canto a este punto da orde do día:

Sobre o acordo asinado entre a Xerencia e a Comisión tripartita de funcionarización:

- Establécese o procedemento para que o persoal laboral fixo adquiera a condición de funcionario de carreira. Ten carácter voluntario.
- Dáse cumprimento ademais á disposición adicional 9.ª do Convenio Colectivo.
- Os postos do PAS laboral catalóganse na nova RPT como postos de PAS funcionario e apróbase a creación das escalas e das subescalas que figuran no anexo I do acordo.

Sobre as escalas previstas:

- Destacan as escalas creadas nas áreas de informática e comunicacións, na de apoio á docencia e investigación e na de servizos xerais.
- Nas tres áreas sinaladas créanse as escalas técnica superior, técnica media e técnica especialista.
- Ademais, na área de servizos xerais, créase a escala auxiliar técnica.

Sobre as subescalas:

- Informática e comunicacións: informática.

- Apoio á docencia e á investigación: análise instrumental, microscopía electrónica, I+D, calidade, física,...
- Servizos xerais: igualdade, normalización lingüística, deportes, conserxería,...
- Tamén se crean as escalas facultativa, axudantes e técnica especialista (os actuais TEB que son o único PAS laboral de biblioteca) que se adscriben á subescala de biblioteca.
- Por último, as escalas de administración (técnica de xestión, técnica administrativa,...) encádranse na subescala administración.

Xan Cebro pide a palabra para felicitar ao equipo de goberno, xerenta e vicexerente e aos membros da comisión. Lembra que leva moitos anos como representante sindical pero cre que, a nivel particular, é o mellor acordo asinado con calquera equipo de goberno pola representación sindical e que mellora substancialmente a situación do colectivo implicado. Felicita a todos os actores implicados nas negociacións, que veñen durando case quince anos. María José Ríos tamén felicita polo chat. Marcos Estévez intervéñen na mesma liña, destacando a flexibilidade dos negociadores e boa disposición do equipo de goberno. Cre que é un éxito. Carlos Mollinedo pensa que quedaron algunhas cousas por facer, como atender certas demandas sociais que ve algo confusas, malia que quedan apuntadas no escrito e agarda que se desenvolvan no futuro, entendendo que era o acordo que se podía conseguir.

O reitor comenta que sabía que isto era difícil e agradece a súa labor á xerenta e ao vicexerente de Persoal, presentes na sala.

Ratifícase o acordo e apróbase por asentimento a RPT.

7. Informe sobre a memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo correspondente ao 2020.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación quen procede a expoñer as liñas básicas do informe, que foi axuntado coa documentación correspondente á orde do día da presente sesión. Destaca o peso que tiveron as actuacións da UVigo en relación da crise da COVID-19. Agarda que a información da memoria sexa de interese para toda a comunidade universitaria e motivo de orgullo.

Antonio Ramos Vázquez comenta que a memoria sobredimensiona algunhas cuestións como a relativa ao Office 365, á que non ten acceso o alumnado. Esta de acordo en xeral coa memoria pero pensa que certos apartados deberían pulirse, porque non reflicten del todo a realidade. O reitor responde que se van aproveitar os fondos de dixitalización para mellorar certos aspectos.

8. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que indica en que consisten as modificacións, aclarando que o punto de partido é aprobar todas as modificacións levadas a cabo pola comisión desde 2015 ata o momento.

ARTIGO	MODIFICACIÓN / INCLUSIÓN
Artigo 2 Composición da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo	<p>Modifícase incorporándose o seguinte</p> <ul style="list-style-type: none">• O/A vicerreitor/a con competencias específicas en investigación• Catro representantes das xefaturas dos servizos designados pola xerencia, un/unha deles con competencias en xestión académica.• Catro técnicos/as da Área de Calidade.• Un/Unha representante da administración dos centros.• O/A director/a de centros de apoio a investigación.• Dous/Dúas representantes dos centros de investigación. <p>Modifícase eliminándose o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">• A directora da Área de Igualdade.• O/A director/a da Área de Normalización Lingüística.• Un/unha representante do alumnado egresado.• Un/unha representante das empresas e institucións empregadoras, designado polo reitor.• Un/unha representante dos centros con sistemas de calidade propios.
Artigo 3 Composición da Comisión Académica de Calidade da Universidade de Vigo	<p>Pasa a ser o artigo 4</p> <p>Modifícase incorporándose o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">• O/A director/a da Eido, que poderá delegar no/a coordinador/a de calidade• Dos/Dúas técnicos/as da Área de Calidade• Os representantes do PDI da Comisión de Calidade• O/A coordinador/a da Unidade de Análises e Programas.• representante de xefaturas de servizos con competencias en xestión académica da Comisión de Calidade.• O/A representante da administración dos centros da Comisión de Calidade. <p>Modifícase eliminándose o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">• Un/unha representante da xerencia.
Artigo 4 Composición da Comisión Técnica de Calidade da Universidade de Vigo.	<p>Pasa a ser o artigo 6</p> <p>Modifícase incorporándose o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">• O/A vicerreitor/a con competencias en investigación.• Tres representantes das xefaturas dos servizos designados pola xerencia.• O/A representante da administración dos centros da Comisión de Calidade.• Dos/Dúas técnicos/as de calidade.• O/A director/a de centros de apoio a investigación.• Dous/Dúas representantes dos centros de investigación.

- O/A representante do PAS na Comisión de Calidade.

Modifícase eliminándose o seguinte:

- Un/unha representante dos servizos económicos e de persoal, un/unha da ATIC, un/unha da administración dos centros, un/unha da Biblioteca.
 - Un/unha representante dos centros e servizos con sistemas de calidade certificados
-

Artigo 5 Competencias da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo

Redúcense as funcións da Comisión, quedando recollidas as seguintes:

- Modificar o seu regulamento que será aprobado polo Consello de Goberno da Universidade.
 - Mellorar os aspectos organizativos e funcionais que afecten os procesos de calidade.
 - Potenciar as accións de información, transparencia, comunicación e rendición de contas en materia de calidade.
 - Facer un seguimento e informar dos resultados dos programas de calidade da Universidade de Vigo e calquera outros resultados asociados á mellora da calidade da Universidade.
 - Realizar a concesión do selo de calidade e calquera outros recoñecementos asociados á calidade.
 - Nomear aos membros das comisións técnica e académica de calidade de entres as persoas voluntarias.
 - Establecer accións institucionais relacionadas coa calidade que xurdan das comisións técnica e académica.
-

Artigo 6 Funcións da Académica de Calidade e do Comisión Técnica de Calidade

Pasa a ser o artigo 5 Funcións da Comisión Académica de Calidade e o artigo 7 Funcións da Comisión Técnica de Calidade.

Modifícase incorporándose o seguinte:

Artigo 5 Funcións da Comisión Académica de Calidade

- Informar sobre os procesos e resultados dos programas de calidade relacionados cos centros e titulacións.
- Informar sobre os procesos e resultados dos programas de calidade relacionados coa avaliación do profesorado.
- Informar sobre o desenvolvemento e os resultados dos sistemas de garantía de calidade dos centros.
- Informar das guías ou metodoloxías asociadas ao desenvolvemento e organización dos programas de calidade dos centros e titulacións.
- Proponer para aprobación os manuais ou metodoloxías dos programas de avaliación do profesorado.

Artigo 7 Funcións da Comisión Técnica de Calidade

- Informar sobre os procesos e resultados dos programas de calidade.
 - Informar sobre o desenvolvemento e os resultados dos sistemas de xestión de calidade.
 - Informar das guías ou metodoloxías asociadas ao desenvolvemento e organización dos programas de calidade.
-

-
- Elaborar propostas sobre os asuntos do seu ámbito para presentar á Comisión de Calidade.
 - Estudar e informar as propostas feitas polos servizos e centros de investigación sobre accións relacionadas coa calidade.
-

Artigo 7 Mandato e duración do mandato dos membros da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo

Pasa a ser o artigo 8

Modifícase incorporándose o seguinte:

Os dous/dúas responsables por cada ámbito dos centros propios, renovaranse cada dous anos.

No caso que un membro elixido da comisión de calidade perda a súa condición de tal, a substitución farase mediante nova designación na seguinte sesión do Consello de Goberno.

Artigo 8 Réxime de sesións da Comisión de Calidade e da Comisión Permanente de Calidade

Pasa a ser o artigo 9

Modifícase incorporándose o seguinte:

A Comisión de Calidade reunirase polo menos unha vez ao ano.

Artigo 9 Réxime de sesións da Comisión Académica de Calidade e da Comisión Técnica de Calidade

Pasa a ser o artigo 10

Modifícase incorporándose o seguinte:

A Comisión Académica e Técnica de Calidade reuniranse polo menos dúas veces ao ano.

Para poder desenvolverse as sesións e acadar acordos, deben estar presentes, polo menos, un terzo dos seus membros.

Artigo 10

Pasa a ser o artigo 10 Réxime de funcionamento das comisións

Modifícase incorporándose o seguinte:

Os acordos adoptaranse pola maioría simple de votos a favor dunha proposta. As votacións poderán ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alza, ou secretas. Serán secretas cando o solicite algún membro presente da Comisión ou cando afecte nominalmente a persoas.

Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

Engádense unha disposición final e unha disposición transitoria

Apróbase por asentimento a modificación do Regulamento da Comisión de Calidade.

9. Nomeamento dos representantes do alumnado na Comisión de Calidade, de acordo co artigo 2 do Regulamento da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que lembra a petición recibida dos representantes do alumnado para elaborar unha listaxe de todas as comisións, onde se indiquen cales deben renovarse e sinalan que se ven desbordados para atender a todas. O secretario xeral explica que

está a traballar a Secretaría Xeral neste asunto. Acórdase agardar para os nomeamentos do presente punto ata que os estudantes reciban esa listaxe.

Non hai nomeamentos neste punto

10. Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios: 1 estudante.

O reitor indica que se presentou unha candidatura (Iago Meis Solla) polo que non procede facer a elección. O secretario xeral pide desculpas pola incidencia coa presentación da súa candidatura.

Resulta elixido Iago Meis Solla.

11. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO(1): 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.

O reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non procede facer a elección.

12. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións. Comeza Antonio Ramos pedindo que se eliminen as citas previas nos servizos da Universidade, dado que estamos pensando nunha volta á normalidade. Jose Luis Míguez, presidente do comité COVID indica que a comisión tomou onte distintas medidas, aínda que está de acordo con manter o sistema de citas previas precisamente en favor do alumnado. Se farán citas previas como proba piloto en rexistro e no ámbito tecnolóxico. Pensa que a volta a normalidade é unha oportunidade para mellorar a organización. Pedro Carro pregunta como vai ser a plataforma e o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade indica que será parecida á do SERGAS. O reitor indica que poden combinarse as dúas posibilidades (cita previa e atención presencial previa espera). Antonio Ramos comenta o caso dun estudante de moi bo expediente e que á hora de convalidar unha serie de créditos por matrícula de honor tivo problema dado que se trata de prácticas extracurriculares e non lle concederon a convalidación. Pide que se estudie o caso. O reitor indica que o estudiará.

Francisco Rodríguez da Escola Superior de Enxeñaría Informática agradece ao equipo reitoral e a todas as persoas implicadas o proceso relativo ás titulacións de intelixencia artificial e pensa que o futuro das mesmas é bo. O reitor comenta que haberá un engado posterior en relación coas mencións duais. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica que queda camiño por diante, pero que imos ben.

José Francisco Montero Reguera agradece o apoio permanente do equipo de goberno e, en particular, do vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, para sacar adiante o mestrado



de español como lingua estranxeira. O reitor agradece á Facultade e ao actual equipo decanal o seu esforzo.

Pedro Carro agradece á vicerreitora de Estudantes o apoio a unha iniciativa do CEUVI e pregunta polas prazas baleiras para Consello de goberno. O secretario xeral resposta que unha é por designación do reitor e outra para elección no Claustro.

O reitor finaliza con ledicia polos acordos acadados hoxe, en particular, a funcionarización.

Sen máis asuntos na orde do día, remata a sesión ás 11:35 h do día 27 de outubro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral